

Parte I A NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA

9.1 Metodoloxía

A primeira parte deste capítulo recolle unha análise dos convenios colectivos asinados e revisados durante este ano en Galicia, centrándose na súa distribución segundo os ámbitos territorial, funcional, temporal e persoal así como nos datos que recollen respecto do incremento salarial e a xornada.

A análise máis pormenorizada das cláusulas doutro tipo que recollen os convenios asinados neste ano pode consultarse no informe da “Situación da Negociación Colectiva en Galicia 2012” que tamén elabora este Consello.

O criterio de inclusión que se utiliza é o da vixencia económica, polo que os convenios que se teñen en conta son os asinados e revisados en 2012 que teñen vixencia e efectos económicos durante este ano 2012 así como os convenios asinados ou revisados nos últimos días do ano anterior que teñen vixencia e inicio de efectos en

2012. Non se consideraron aqueles convenios que, aínda que foron asinados ou revisados durante o ano 2012, non teñen efectos económicos para este ano.

Tense en conta a negociación colectiva estatutaria, de eficacia xeral, os pactos extra-estatutarios e os acordos reguladores para persoal funcionario e pactos de tipo mixto que regulan de xeito unitario a todo tipo de persoal que presta servizos nas distintas administracións públicas, na medida en que se ten coñecemento deles.

Os datos estatísticos que figuran neste informe foron elaborados tendo en conta o contido dos convenios colectivos e o establecido nas follas estatísticas que de xeito preceptivo os acompañan.

Dende a posta en marcha do programa REGCON para o rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo por medios telemáticos, a información extráese directamente do programa desde este Consello.

Para o cálculo da media ponderada do incremento salarial pactado tivéronse en conta os incrementos salariais indicados nos convenios de xeito porcentual e as cláusulas de revisión salarial recollidas neles de igual xeito, sen ter en conta os incrementos lineais ou os convenios nos que se indican varios incrementos.

Para determinar a xornada media pactada tivéronse en conta unicamente os convenios que a regulan de xeito anual, que foron 103 este ano, o 70,07% do total de convenios asinados e revisados.

Debido aos profundos cambios na negociación colectiva producidos desde a entrada en vigor da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, realizouse neste Consello unha análise da situación da ultraactividade dos convenios colectivos de sector en Galicia que se acompaña como anexo a este capítulo.

A segunda parte do capítulo refírese aos convenios de ámbito superior ao da Comunidade Autónoma que afectan a traballadores/as en Galicia.

A información recóllese dos convenios publicados no BOE que teñen vixencia para o ano 2012 ou posterior; combinando esta información coa remitida pola Subdirección Xeral de Estatística do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e a extraída do programa REGCON co fin de recoller só os que afectan a persoas traballadoras nalgunha das catro provincias galegas.

Nos convenios de sector o dato do número de persoas traballadoras ás que afectan foi elaborado polo IGE baseándose no traballo realizado neste Consello no que se recollen os CNAE's incluídos no ámbito de aplicación dos ditos convenios.

A fonte dos datos remitidos polo IGE son as Contas de cotización á Seguridade Social (Tesourería Xeral da Seguridade Social).

Nos convenios de empresa estes datos recóllense dos remitidos polo Ministerio ou extraídos do programa REGCON e/ou contactando directamente cos departamentos de recursos humanos das empresas.

9.2 Estrutura da negociación colectiva

O número de convenios colectivos que existen en Galicia a 31 de decembro de 2012 é de 841, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, e afectan a 429.726 persoas traballadoras.


■ Cadro 9.1

Evolución da estrutura global da negociación colectiva. Por provincias. Galicia. 2007-2012


	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	14	34	23	21	33	125
Empresa	45	203	66	59	234	607
Total 2007	59	237	89	80	267	732
Sector	15	34	23	21	34	127
Empresa	47	210	69	60	247	633
Total 2008	62	244	92	81	281	760
Sector	17	34	23	21	34	129
Empresa	47	222	72	65	261	667
Total 2009	64	256	95	86	295	796
Sector	19	34	23	21	34	131
Empresa	48	231	73	64	269	685
Total 2010	67	265	96	85	303	816
Sector	19	31	23	21	32	126
Empresa	46	241	73	66	278	704
Total 2011	65	272	96	87	310	830
Sector	19	31	23	21	32	126
Empresa	46	246	74	66	283	715
Total 2012	65	277	97	87	315	841

Neste cómputo total contabilízanse convenios colectivos e acordos reguladores
 Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Ano 2012. Distribución territorial



Ano 2012. Representación porcentual da distribución territorial



No Cadro 9.1 pode apreciarse a evolución no período 2007 - 2012.

Refírense estes datos a convenios de empresa e de sector negociados en Galicia, incluíndo neste total tamén aqueles pactos de eficacia limitada e acordos reguladores dos que se ten coñecemento.

Asináronse por primeira vez este ano 14 novos convenios (son todos de empresa), (Cadro 9.2) que afectan a 1.314 persoas traballadoras.

■ **Cadro 9.2**


**Convenios colectivos de sector e empresa asinados por vez primeira.
Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2012**

Sector	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agríc. e Pesca	-	-	-	-	-	0
Industria	-	-	-	-	-	0
Construción	-	-	-	-	-	0
Servizos	-	-	-	-	-	0
Total	0	0	0	0	0	0

Empresa	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agríc. e Pesca	-	-	-	-	-	0
Industria	-	3	-	-	4	7
Construción	-	-	-	-	-	0
Servizos	1	4	1	-	1	7
Total	1	7	1	0	5	14

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Convenios colectivos de empresa negociados por primeira vez. Porcentaxe provincial



Deles un é de ámbito autonómico, sete da Coruña, un de Lugo e cinco de Pontevedra.

O de ámbito autonómico afecta a 394 persoas traballadoras, os da Coruña afectan a 308, o de Lugo a 64 e os de Pontevedra a 548.

Durante o ano 2012 foron asinados e/ou revisados 147 convenios (117 convenios asinados e 30 revisados), dos que 30 son de sector (14 asinados e 16 revisados) e 117 son de empresa (103 asinados e 14 revisados).


Os Cadros 9.3 e 9.4 recollen estes datos por provincias así como a evolución no número de convenios asinados e revisados no período 2007 – 2012.

■ Cadro 9.3

Evolución dos convenios colectivos asinados. Por provincias.Galicia. 2007-2012

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	4	10	5	9	13	41
Empresa	8	44	24	14	64	154
Total 2007	12	54	29	23	77	195
Sector	7	29	23	14	58	131
Empresa	5	8	9	12	9	43
Total 2008	12	37	32	26	67	174
Sector	4	4	3	10	9	30
Empresa	9	38	8	10	66	131
Total 2009	13	42	11	20	75	161
Sector	4	6	3	8	9	30
Empresa	7	30	16	10	54	117
Total 2010	11	36	19	18	63	147
Sector	4	3	7	9	3	26
Empresa	7	30	8	10	38	93
Total 2011	11	33	15	19	41	119
Sector	4	2	0	4	4	14
Empresa	5	29	10	3	56	103
Total 2012	9	31	10	7	60	117

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.




■ Cadro 9.4

**Evolución dos convenios colectivos revisados.
Por provincias. Galicia. 2007-2012**

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	1	6	5	8	9	29
Empresa	4	6	4	3	9	26
Total 2007	5	12	9	11	18	55
Sector	3	5	5	2	6	21
Empresa	3	9	3	5	12	32
Total 2008	6	14	8	7	18	53
Sector	4	12	12	8	8	44
Empresa	4	9	9	1	6	29
Total 2009	8	21	21	9	14	73
Sector	7	6	7	7	4	31
Empresa	4	5	5	0	7	21
Total 2010	11	11	12	7	11	52
Sector	4	7	3	4	7	25
Empresa	0	5	7	0	8	20
Total 2011	4	12	10	4	15	45
Sector	3	2	7	4	0	16
Empresa	0	2	3	2	7	14
Total 2012	3	4	10	6	7	30

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



Se ademais dos convenios asinados este ano se teñen en conta os convenios asinados en anos anteriores con vixencia para o ano 2012 ou posterior, o número de convenios con vixencia expresa para o 2012 é de 262. Estes convenios afectan a 131.172 persoas traballadoras.

Deles 40 son de sector (o 31,75% do total dos de sector existentes) e afectan a 100.254 persoas traballadoras e 222 son de empresa (o 31,05% do total dos de empresa existentes) e afectan a 30.918 persoas traballadoras.


No Cadro 9.5 pode apreciarse a evolución dos convenios con vixencia expresa no período 2003 – 2012.

Cadro 9.5

Evolución convenios con vixencia expresa. Galicia. 2003-2012

	Empresa	Sector	Total	Núm. Traballad.
2003	325	91	416	335.853
2004	328	80	408	330.775
2005	329	91	420	337.055
2006	324	83	407	332.366
2007	344	80	424	410.501
2008	319	85	404	399.140
2009	312	84	396	407.891
2010	290	76	366	271.855
2011	244	60	304	261.557
2012	222	40	262	131.172

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



9.3 Ámbitos de aplicación

9.3.1 Funcional

Dos 147 convenios asinados ou revisados este ano, o 20,41% son de sector (30 convenios) e o 79,59% de empresa (117 convenios). Non obstante o anterior, tal e como veremos na análise do ámbito persoal, a maioría das persoas traballadoras e das empresas están afectados por convenios de sector.

Segundo se pode apreciar no Cadro 9.6, concéntranse neste ano estes convenios no sector servizos e na industria.

■ Cadro 9.6
Convenios colectivos asinados e revisados. Por sector e grupos de empresas, empresas e ámbitos inferiores. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2012

	Agríc. e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
C. Autónoma / Interprov. C.A.					
Convenios de sector asinados	-	-	-	4	4
Convenios de sector revisados	-	1	-	2	3
Convenios de empresa asinados	-	1	-	4	5
Convenios de empresa revisados	-	-	-	-	0
A Coruña					
Convenios de sector asinados	-	-	-	2	2
Convenios de sector revisados	-	1	-	1	2
Convenios de empresa asinados	-	17	-	12	29
Convenios de empresa revisados	-	2	-	-	2
Lugo					
Convenios de sector asinados	-	-	-	-	0
Convenios de sector revisados	-	2	-	5	7
Convenios de empresa asinados	-	5	-	5	10
Convenios de empresa revisados	-	1	-	2	3
Ourense					
Convenios de sector asinados	-	-	-	4	4
Convenios de sector revisados	-	2	-	2	4
Convenios de empresa asinados	-	1	-	2	3
Convenios de empresa revisados	-	2	-	-	2
Pontevedra					
Convenios de sector asinados	-	1	-	3	4
Convenios de sector revisados	-	-	-	-	0
Convenios de empresa asinados	-	31	-	25	56
Convenios de empresa revisados	-	1	-	6	7
Galicia					
Convenios de sector asinados	0	1	0	13	14
Convenios de sector revisados	0	6	0	10	16
Convenios de empresa asinados	0	55	0	48	103
Convenios de empresa revisados	0	6	0	8	14

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

O Cadro 9.6bis indica a distribución destes convenios por provincias e por seccións da CNAE 2009.

■ Cadro 9.6bis

Convenios colectivos asinados e revisados. Por provincias e seccións da CNAE 2009.
Galicia. 2012

TOTAL CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS EN 2012		C. Autónoma/ Interprov.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
SECCIÓN CNAE 2009							
A	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-	-	-	-	-	0
B	Industrias extractivas	1	-	-	-	-	1
C	Industria manufacturera	1	11	7	5	24	48
D	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-	-	-	-	-	0
E	Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	-	9	1	-	9	19
F	Construción	-	-	-	-	-	0
G	Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas	-	-	2	3	5	10
H	Transporte e almacenamento	1	4	5	-	11	21
I	Hostalería	1	-	1	-	1	3
J	Información e comunicacións	1	1	-	-	2	4
K	Actividades financeiras e de seguros	-	-	-	-	-	0
L	Actividades inmobiliarias	-	-	-	-	-	0
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas	2	1	1	1	-	5
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares	-	5	2	2	5	14
O	Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	-	1	1	-	2	4
P	Educación	-	-	-	-	-	0
Q	Actividades sanitarias e de servizos sociais	2	1	-	2	1	6
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	1	-	-	-	6	7
S	Outros servizos	2	2	-	-	-	4
T	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	-	-	-	-	-	0
U	Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	-	-	-	-	1	1

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

9.3.2 Territorial

Igual que en anos anteriores o ámbito territorial de negociación máis empregado foi o provincial, tan só o 8,16% dos convenios asinados e/ou revisados en 2012 foron de ámbito superior á provincia.

Por provincias, tal e como ven sendo habitual, Pontevedra é a que tivo máis actividade negociadora, o 45,58% do total, seguida da Coruña cun 23,81%.

9.3.3 Persoal


Os convenios asinados e revisados en Galicia no ano 2012 afectaron a 88.224 persoas traballadoras (Cadros 9.7 e 9.8). O 81,08% deles teñen reguladas as súas condicións de traballo por convenios de sector.

■ **Cadro 9.7** **Traballadores/as e empresas afectados por convenios colectivos asinados e revisados. Sector. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2012**


	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas
Agríc. e Pesca	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	0
Industria	2.400	49	5.000	500	3.046	1.378	1.700	230	27.000	4.000	39.146	6.157
Construción	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	0
Servizos	6.472	621	2.417	282	8.881	4.245	4.900	795	9.720	997	32.390	6.940
Total	8.872	670	7.417	782	11.927	5.623	6.600	1.025	36.720	4.997	71.536	13.097

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Convenios de sector
Traballadores/as afectados/as
por sectores económicos



Empresas afectadas por sectores económicos




■ **Cadro 9.8** **Traballadores/as e empresas afectados por convenios colectivos asinados e revisados. Grupos de empresas, empresas e ámbitos inferiores. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2012**


	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas
Agríc. e Pesca	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	0
Industria	72	1	2.337	26	221	7	611	3	9.798	32	13.039	69
Construción	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	0	0
Servizos	620	5	700	14	225	7	36	2	2.068	31	3.649	59
Total	692	6	3.037	40	446	14	647	5	11.866	63	16.688	128

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.

Convenios de empresa
Traballadores/as afectados/as
por sectores económicos



Empresas afectadas por provincias



O sector da industria é, nos convenios de sector, o que agrupa o maior número de persoas traballadoras (54,72%).

Por provincias foi Pontevedra a que acapara o maior número de persoas traballadoras, seguida da Coruña.

No que a empresas se refire, a negociación colectiva de 2012 afectou a 13.225 empresas.

Os Cadros 9.9 e 9.10 agrupan os convenios de sector en función do número de persoas traballadoras e de empresas aos que afecta cada convenio, e neles obsérvase que nos convenios de sector o maior número deles concéntrase nos tramos que afectan entre 1.001 e 3.000 persoas traballadoras (12 convenios, un 40%). Entre 101 e 500 e entre 501 e 1.000 atópanse 7 convenios en cada tramo, un 23,33%.

■ Cadro 9.9

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de traballadores/as afectados/as. Sector. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2012

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-50 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
51-100 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
101-500 trab.	3	42,86	2	50,00	-	0,00	2	25,00	-	0,00	7	23,33
501-1.000 trab.	1	14,29	-	0,00	3	42,86	3	37,50	-	0,00	7	23,33
1.001-3.000 trab.	3	42,86	1	25,00	3	42,86	3	37,50	2	50,00	12	40,00
3.001-5.000 trab.	-	0,00	1	25,00	1	14,29	-	0,00	-	0,00	2	6,67
5.001-10.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	25,00	1	3,33
10.001-20.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
+20.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	25,00	1	3,33
Total convenios	7	100,00	4	100,00	7	100,00	8	100,00	4	100,00	30	100,00

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

■ Cadro 9.10

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de empresas afectadas. Sector. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2012

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-50 empresas	3	42,86	1	25,00	-	0,00	2	25,00	1	25,00	7	23,33
51-100 empresas	3	42,86	-	0,00	1	14,29	3	37,50	-	0,00	7	23,33
101-500 empresas	1	14,29	3	75,00	3	42,86	3	37,50	1	25,00	11	36,67
501-1.000 empresas	-	0,00	-	0,00	1	14,29	-	0,00	1	25,00	2	6,67
1.001-2.000 empresas	-	0,00	-	0,00	1	14,29	-	0,00	-	0,00	1	3,33
+ de 2.000 empresas	-	0,00	-	0,00	1	14,29	-	0,00	1	25,00	2	6,67
Total convenios	7	100,00	4	100,00	7	100,00	8	100,00	4	100,00	30	100,00

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Tendo en conta o número de empresas afectadas nos convenios de sector asinados e revisados este ano, obsérvase que o maior número de convenios está comprendido no tramo de 101 a 500 empresas (un 36,67%), seguido dos de 0 a 50 empresas e de 51 a 100 empresas con 7 convenios cada un deles (o 23,33%).

Nos convenios de empresa o 33,33% son convenios de empresas que teñen ata 30 persoas traballadoras. (Cadro 9.11)

■ Cadro 9.11

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de traballadores/as afectados/as. Empresa. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2012

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-5 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
6-30 trab.	-	0,00	7	22,58	9	69,23	2	40,00	21	33,33	39	33,33
31-49 trab.	-	0,00	5	16,13	-	0,00	1	20,00	15	23,81	21	17,95
50-100 trab.	4	80,00	12	38,71	4	30,77	-	0,00	11	17,46	31	26,50
101-250 trab.	-	0,00	4	12,90	-	0,00	1	20,00	12	19,05	17	14,53
251-500 trab.	1	20,00	3	9,68	-	0,00	1	20,00	2	3,17	7	5,98
501-750 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
751-1.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	1,59	1	0,85
1.001-2.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
2.001-3.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
+ 3.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	1,59	1	0,85
Total convenios	5	100,00	31	100,00	13	100,00	5	100,00	63	100,00	117	100,00

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Os tramos seguintes son os dos convenios que afectan a empresas de 50 a 100 persoas traballadoras (26,50%) seguido do de 31 a 49 (un 17,95%) e do de 101 a 250 (un 14,53%).

O Cadro de persoal medio das empresas afectadas por esta negociación (Cadro 9.12) é de 7 persoas traballadoras por empresa, 5 por empresa nos convenios colectivos de sector e 130 nos de empresa.

■ Cadro 9.12

Cadros de persoal medio das empresas afectadas pola negociación colectiva. Por provincias. Galicia. 2012

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	13,24	9,48	2,12	6,44	7,35	5,46
Empresa	115,33	75,93	31,86	129,40	188,35	130,38
Total	14,15	12,72	2,19	7,04	9,60	6,67

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.


9.3.4 Temporal

Nos Cadros 9.13 e 9.14 pódense apreciar as vixencias medias dos convenios colectivos de sector e de empresa respectivamente.

■ Cadro 9.13 Vixencias medias dos convenios colectivos de empresa. Porcentaxe sobre o total de convenios de empresa asinados. Por provincias. Galicia. 2012

	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos de 1 ano	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	0	0,00
1 ano	-	0,00	4	13,79	2	20,00	1	33,33	13	23,21	20	19,42
De 1 a 2 anos	-	0,00	-	0,00	1	10,00	-	0,00	1	1,79	2	1,94
2 anos	-	0,00	11	37,93	2	20,00	2	66,67	20	35,71	35	33,98
De 2 a 3 anos	-	0,00	1	3,45	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	0,97
3 anos	2	40,00	5	17,24	2	20,00	-	0,00	13	23,21	22	21,36
Máis de 3 anos	3	60,00	8	27,59	3	30,00	-	0,00	9	16,07	23	22,33
Total	5		29		10		3		56		103	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



■ Cadro 9.14 Vixencias medias dos convenios colectivos de sector. Porcentaxe sobre o total de convenios de sector asinados. Por provincias. Galicia. 2012

	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos de 1 ano	-	0,00	-	0,00	-	-	-	0,00	-	0,00	0	0,00
1 ano	3	75,00	1	50,00	-	-	1	25,00	1	25,00	6	42,86
De 1 a 2 anos	-	0,00	-	0,00	-	-	-	0,00	-	0,00	0	0,00
2 anos	-	0,00	1	50,00	-	-	2	50,00	1	25,00	4	28,57
De 2 a 3 anos	-	0,00	-	0,00	-	-	-	0,00	-	0,00	0	0,00
3 anos	1	25,00	-	0,00	-	-	1	25,00	2	50,00	4	28,57
Máis de 3 anos	-	0,00	-	0,00	-	-	-	0,00	-	0,00	0	0,00
Total	4		2		-	-	4		4		14	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

As vixencia que máis se repiten nos 103 convenios de empresa asinados este ano é a de 2 anos (o 33,98%), máis de 3 anos (o 22,33%) e 3 anos (o 21,36%).

○ 19,42% indica unha vixencia de 1 ano.

Nos 14 convenios de sector asinados o 42,86% indica unha vixencia de 1 ano. Un 28,57% indica 2 anos e outro 28,57 indican 3 anos.

Ningún dos convenios de sector asinados indica unha vixencia de máis de 3 anos.

Entre os convenios asinados que teñen vixencia superior a un ano (91 convenios, o 77,78% do total), 20 rematan a súa vixencia neste ano 2012 (son todos de empresa).

9.3.5 Ultraactividade

Dos convenios asinados este ano 67 recollen cláusulas respecto da ultraactividade (57,26%). Estes convenios afectan a 40.363 persoas traballadoras (64,19%).

○ Cadro 9.15 recolle estes datos por provincias.

Convenios colectivos asinados con cláusula de ultraactividade. Por provincias. Galicia. 2012

■ Cadro 9.15

		Sector	Empresa	Total
C. Autónoma/ Interprov. C.A.	Nº Convenios	2	3	5
	%	50,00%	60,00%	55,56%
	Nº Traballadores/as	3.202	216	3.418
	%	54,25%	31,21%	51,84%
A Coruña	Nº Convenios	2	18	20
	%	100,00%	62,07%	64,52%
	Nº Traballadores/as	1.937	1.885	3.822
	%	100,00%	64,29%	78,50%
Lugo	Nº Convenios	-	4	4
	%	-	40,00%	40,00%
	Nº Traballadores/as	-	182	182
	%	-	46,31%	46,31%
Ourense	Nº Convenios	3	2	5
	%	75,00%	66,67%	71,43%
	Nº Traballadores/as	2.198	422	2.620
	%	95,57%	96,57%	95,73%
Pontevedra	Nº Convenios	1	32	33
	%	25,00%	57,14%	55,00%
	Nº Traballadores/as	27.000	3.321	30.321
	%	73,53%	28,71%	62,79%
Galicia	Nº Convenios	8	59	67
	%	57,14%	57,28%	57,26%
	Nº Traballadores/as	34.337	6.026	40.363
	%	73,28%	37,62%	64,19%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Mayoritariamente as cláusulas indican que o convenio seguirá vixente ata a sinatura do seguinte, só en catro convenios indican unha ultraactividade limitada a un ou dous anos.

9.5 Desenvolvemento da negociación

■ Duración das negociacións

Na elaboración deste dato empréganse como data inicial a da constitución da comisión negociadora, recollida da que se sinala na folla estatística do convenio, ou nas actas se se dispón delas, e como data final a da sinatura do convenio.

Segundo se pode apreciar con maior detalle no Cadro 9.16, o 27,18% dos convenios de empresa asinados este ano negociáronse nun mes ou menos e no 23,30% empregaron máis de 3 meses sen superar os 6 meses.

■ Cadro 9.16

Duración das negociacións. Convenios de Sector. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2012

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1 mes ou menos	4	100,00	-	0,00	-	-	-	0,00	-	0,00	4	28,57
Máis de 1 mes ata 3 meses	-	0,00	-	0,00	-	-	1	25,00	1	25,00	2	14,29
Máis de 3 meses ata 6 meses	-	0,00	2	100,00	-	-	2	50,00	-	0,00	4	28,57
Máis de 6 meses ata 9 meses	-	0,00	-	0,00	-	-	-	0,00	-	0,00	0	0,00
Máis de 9 meses ata 1 ano	-	0,00	-	0,00	-	-	-	0,00	1	25,00	1	7,14
Máis de 1 ano	-	0,00	-	0,00	-	-	1	25,00	2	50,00	3	21,43
Total convenios	4	100	2	100	-	-	4	100	4	100	14	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Duración das negociacións. Convenios de Empresa. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2012

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1 mes ou menos	-	0,00	7	24,14	3	30,00	2	66,67	16	28,57	28	27,18
Máis de 1 mes ata 3 meses	-	0,00	6	20,69	2	20,00	-	0,00	9	16,07	17	16,50
Máis de 3 meses ata 6 meses	2	40,00	11	37,93	2	20,00	1	33,33	8	14,29	24	23,30
Máis de 6 meses ata 9 meses	-	0,00	4	13,79	3	30,00	-	0,00	10	17,86	17	16,50
Máis de 9 meses ata 1 ano	-	0,00	1	3,45	-	0,00	-	0,00	7	12,50	8	7,77
Máis de 1 ano	3	60,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	6	10,71	9	8,74
Total convenios	5	100	29	100	10	100	3	100	56	100	103	100

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Nun 16,50% a negociación durou máis dun mes sen superar os tres meses, a mesma porcentaxe que nos convenios cuxa negociación durou máis de 9 meses sen superar 1 ano.

Nos convenios de sector no 28,57% a negociación durou un mes ou menos, a mesma porcentaxe que nos convenios que empregaron máis de 3 meses sen superar os 6 meses.

Un 21,43% empregaron máis de 1 ano e un 14,29% atópanse entre máis de 1 mes ata 3 meses.

■ Participación de mulleres na composición das mesas negociadoras

A información para a elaboración destes cadros recóllese da que figura nas actas e nas follas estatísticas que acompañan aos convenios para o seu rexistro, e que foi extraída directamente do programa Regcon de rexistro telemático de convenios.





Existe participación de mulleres na comisión negociadora en 89 convenios, o 76,07% do total dos asinados este ano. Estes convenios afectan a 60.836 persoas traballadoras (o 96,75%).

O número total de mulleres que participou na negociación de convenios este ano (Cadro 9.17) foi de 67 por parte das empresas e/ou organizacións empresariais (un 22% fronte a 244 homes, un 78%) e 189 por parte das organizacións sindicais (un 28% fronte a 478 homes, un 72%).

■ Cadro 9.17

Convenios asinados en 2012. Composición da Comisión Negociadora

	EMPRESA / ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS		ORGANIZACIÓNS SINDICAIS		TOTAL	
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES
Empresa	190	50	399	148	589	198
Sector	54	17	79	41	133	58
TOTAL	244	67	478	189	722	256






O Cadro 9.18 reflicte a evolución na composición das comisións negociadoras no período 2005 – 2012.

■ Cadro 9.18

**Composición das Comisións Negociadoras.
Galicia. 2005-2012**

	Empresa/ Organizacións empresariais		Organizacións sindicais		TOTAL	
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES
Sector						
2005	194	43	293	82	487	125
2006	196	43	293	88	489	131
2007	168	27	251	75	419	102
2008	138	24	235	24	373	48
2009	90	20	149	59	239	79
2010	119	28	180	80	299	108
2011	139	35	193	46	332	81
2012	54	17	79	41	133	58
Empresa						
2005	299	51	589	163	888	214
2006	275	36	544	170	819	206
2007	290	67	551	173	841	240
2008	266	61	503	174	769	235
2009	213	37	450	124	663	161
2010	207	47	477	135	684	182
2011	192	41	419	120	611	161
2012	190	50	399	148	589	198
TOTAL						
2005	493	94	882	245	1375	339
2006	471	79	837	258	1308	337
2007	458	94	802	248	1260	342
2008	404	85	738	198	1142	283
2009	303	57	599	183	902	240
2010	326	75	657	215	983	290
2011	331	76	612	166	943	242
2012	244	67	478	189	722	256

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



9.6 Réxime económico

9.6.1 Incremento salarial medio ponderado

A media ponderada do incremento salarial pactado en 2012 en Galicia foi do 1,47% (Cadro 9.19).

■ Cadro 9.19

Evolución da media ponderada do incremento salarial pactado. Por provincias. Galicia. 2008-2012

	Convenios sector					Revisións sector					Convenios empresa					Revisións empresa					Media total				
	2008	2009	2010	2011	2012	2008	2009	2010	2011	2012	2008	2009	2010	2011	2012	2008	2009	2010	2011	2012	2008	2009	2010	2011	2012
A Coruña	4,34	2,53	2,42	2,40	0,07	3,40	3,28	3,16	3,43	3,38	3,19	2,33	2,53	1,98	1,75	2,50	2,85	3,81	3,26	3,20	3,52	3,16	2,99	2,64	2,32
Lugo	3,72	3,09	3,44	2,95	-	4,02	3,35	3,66	2,73	3,17	3,10	1,98	2,98	3,02	1,85	3,28	2,11	3,27	3,63	3,14	3,69	3,29	3,55	2,94	3,14
Ourense	4,23	2,14	1,57	1,87	0,05	3,70	3,10	2,30	3,97	2,50	4,58	1,92	1,79	2,47	2,30	2,50	3,00	-	-	1,76	4,10	2,75	1,81	2,14	1,15
Pontevedra	3,98	2,40	3,17	2,71	0,55	4,95	4,73	2,48	4,05	-	3,17	2,36	2,62	2,40	1,18	3,78	3,08	2,64	2,42	1,77	4,64	3,82	2,64	3,35	0,70
C. Autónoma / Interprov. C.A.	4,12	2,79	0,80	2,62	2,43	5,21	2,57	2,86	2,99	2,40	3,91	2,62	3,58	1,63	2,79	3,07	2,46	2,35	-	-	4,72	2,61	2,89	2,29	2,45
Galicia	4,16	2,45	2,28	2,42	0,74	4,12	3,61	2,83	3,79	3,08	3,24	2,33	2,78	2,05	1,41	3,03	2,69	3,01	2,52	2,10	4,07	3,31	2,69	2,82	1,47

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Esta media ponderada está calculada tendo en conta o incremento salarial indicado en porcentaxe nos convenios asinados e revisados este ano e as cláusulas de revisión salarial que recollen o 25,64% dos convenios asinados e o 43,33% dos revisados.

Este incremento é inferior ao IPC galego de 2012 que foi do 2,6 e tamén ao estatal que foi do 2,9.


O Cadro 9.20 reflicte a evolución do incremento salarial pactado en relación co IPC en Galicia no período 2001 – 2012.

■ Cadro 9.20

Evolución do incremento salarial pactado e relación co IPC. Galicia

	Incremento salarial Galicia	IPC real Galicia
2001	3,33	2,60
2002	3,74	4,30
2003	3,50	2,30
2004	3,93	3,30
2005	4,37	3,70
2006	3,88	2,60
2007	5,01	4,10
2008	4,07	1,20
2009	3,31	0,90
2010	2,69	3,10
2011	2,82	2,50
2012	1,47	2,60

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais e INE.




Por sectores económicos (Cadro 9.21) o incremento na industria foi do 1,03% e nos servizos do 2,13%.

**Media ponderada do incremento salarial pactado.
Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2012**

■ Cadro 9.21

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agric. e Pesca	-	-	-	-	-	-
Industria	2,33	2,89	3,17	2,73	0,32	1,03
Construción	-	-	-	-	-	-
Servizos	2,49	1,00	3,13	0,53	1,87	2,13
Total	2,45	2,32	3,14	1,15	0,70	1,47

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.



O tipo de incremento que se pacta maioritariamente consiste en sinalar unha porcentaxe concreta ou fixalo en función do IPC (IPC previsto ou real do ano 2012 ou IPC real do ano anterior).

Como consecuencia da evolución seguida polo IPC en anos anteriores, sinálase nalgúns convenios o incremento mínimo que se deberá aplicar no caso de que este fose negativo.

Tamén se sinala nalgún caso un tope máximo que non se pode superar independentemente do valor do IPC.

Fíxase nalgúns convenios o incremento ou unha parte del de xeito variable sinalando como parámetros para a súa consecución entre outros os beneficios, a produtividade e o absentismo.


Segundo reflicte o Cadro 9.22a, o tramo de incremento salarial “Menor que 1%” é no que se atopa o maior número de convenios asinados e revisados este ano en Galicia e é tamén o tramo que agrupa o maior número de persoas traballadoras afectadas.

■ **Cadro 9.22a** **Convenios colectivos asinados e revisados. Por tramo de aumento salarial pactado. Incremento final. Porcentaxe sobre o total negociado. Galicia. 2012**


Aumento salarial	Convenios/ Revisións	% sobre o total	Empresas	% sobre o total	Traballadores/as	% sobre o total
Total convenios asinados e revisados	147		13.225		88.224	
Subtotal de convenios con incremento en %	132	89,80%	12.671	95,81%	84.133	95,36%
Menor que 1%	52	35,37%	4.419	33,41%	34.582	39,20%
Igual ao 1%	4	2,72%	5	0,04%	345	0,39%
Maior que 1% e menor ou igual ao 1,5%	8	5,44%	781	5,91%	12.337	13,98%
Maior que 1,5% e menor ou igual ao 2%	5	3,40%	154	1,16%	1.339	1,52%
Maior que 2% e menor ou igual ao 2,5%	25	17,01%	486	3,67%	11.935	13,53%
Maior que 2,5% e menor ou igual ao 3%	20	13,61%	601	4,54%	4.856	5,50%
Maior que 3% e menor ou igual ao 3,5%	12	8,16%	6.219	47,02%	17.725	20,09%
Maior que 3,5% e menor ou igual ao 4%	5	3,40%	5	0,04%	999	1,13%
Superior ao 4%	1	0,68%	1	0,01%	15	0,02%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS SEGUNDO TRAMO DE INCREMENTO SALARIAL



TRABALLADORES/AS AFECTADOS/AS POR CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS
SEGUNDO TRAMO DE INCREMENTO SALARIAL



Nos Cadros 9.22b e 9.22c pode apreciarse a diferenza entre os incrementos pactados nos convenios asinados e revisados de sector e de empresa.


■ Cadro 9.22b

Convenios de sector asinados e revisados. Por tramo de aumento salarial pactado. Incremento final. Porcentaxe sobre o total de sector negociado. Galicia. 2012

Aumento salarial	CONVENIOS DE SECTOR ASINADOS				CONVENIOS DE SECTOR REVISADOS			
	Convenios Sector	% sobre o total	Traballad.	% sobre o total	Revisións Sector	% sobre o total	Traballad.	% sobre o total
Total convenios sector	14		46.859		16		24.677	
Subtotal de convenios con incremento en %	14	100,00%	46.859	100,00%	14	87,50%	21.777	88,25%
Menor que 1%	7	50,00%	31.375	66,96%		0,00%		0,00%
Igual ao 1%	1	7,14%	137	0,29%		0,00%		0,00%
Maior que 1% e menor ou igual ao 1,5%	1	7,14%	5.220	11,14%		0,00%		0,00%
Maior que 1,5% e menor ou igual ao 2%		0,00%		0,00%	1	6,25%	800	3,24%
Maior que 2% e menor ou igual ao 2,5%	3	21,43%	6.845	14,61%	4	25,00%	3.720	15,07%
Maior que 2,5% e menor ou igual ao 3%	1	7,14%	2.500	5,34%	2	12,50%	1.230	4,98%
Maior que 3% e menor ou igual ao 3,5%	1	7,14%	782	1,67%	7	43,75%	16.027	64,95%
Maior que 3,5% e menor ou igual ao 4%		0,00%		0,00%		0,00%		0,00%
Superior ao 4%		0,00%		0,00%		0,00%		0,00%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31/12/2012.

CONVENIOS DE SECTOR ASINADOS E REVISADOS SEGUNDO TRAMO DE INCREMENTO SALARIAL




■ Cadro 9.22c

Convenios de empresa asinados e revisados. Por tramo de aumento salarial pactado. Incremento final. Porcentaxe sobre o total de empresa negociado. Galicia. 2012

Aumento salarial	CONVENIOS DE EMPRESA ASINADOS				CONVENIOS DE EMPRESA REVISADOS			
	Convenios Sector	% sobre o total	Traballad.	% sobre o total	Revisións Sector	% sobre o total	Traballad.	% sobre o total
Total convenios empresa	103		16.020		14		668	
Subtotal de convenios con incremento en %	90	87,38%	14.829	92,57%	14	100,00%	668	100,00%
Menor que 1%	44	42,72%	3.137	19,58%	1	7,14%	70	10,48%
Igual ao 1%	3	2,91%	208	1,30%		0,00%		0,00%
Maior que 1% e menor ou igual ao 1,5%	6	5,83%	7.045	43,98%	1	7,14%	72	10,78%
Maior que 1,5% e menor ou igual ao 2%	2	1,94%	341	2,13%	2	14,29%	198	29,64%
Maior que 2% e menor ou igual ao 2,5%	16	15,53%	1.297	8,10%	2	14,29%	73	10,93%
Maior que 2,5% e menor ou igual ao 3%	14	13,59%	982	6,13%	3	21,43%	144	21,56%
Maior que 3% e menor ou igual ao 3,5%	2	1,94%	875	5,46%	2	14,29%	41	6,14%
Maior que 3,5% e menor ou igual ao 4%	3	2,91%	944	5,89%	2	14,29%	55	8,23%
Superior ao 4%		0,00%		0,00%	1	7,14%	15	2,25%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31/12/2012.

CONVENIOS DE EMPRESA ASINADOS E REVISADOS SEGUNDO TRAMO DE INCREMENTO SALARIAL


9.6.2 Cláusulas de revisión salarial

Dos 147 convenios asinados ou revisados en 2012 teñen cláusula de revisión salarial 43, o 29,25%, e afectan a 29.024 persoas traballadoras (o 32,90%).

Isto supón, segundo se pode apreciar nos cadros 9.23 e 9.24, que o 25,64% dos convenios asinados e o 43,33% dos revisados este ano pactaron cláusulas de revisión salarial.

**Convenios colectivos asinados con cláusula de revisión salarial.
Por provincias. Galicia. 2012**

■ Cadro 9.23

		Sector	Empresa	Total
C. Autónoma/ Interprov. C.A.	Nº Convenios	0	2	2
	%	0,00%	40,00%	22,22%
	Nº Traballadores/as	0	171	171
	%	0,00%	24,71%	2,59%
A Coruña	Nº Convenios	0	8	8
	%	0,00%	27,59%	25,81%
	Nº Traballadores/as	0	782	782
	%	0,00%	26,67%	16,06%
Lugo	Nº Convenios	-	4	4
	%	-	40,00%	40,00%
	Nº Traballadores/as	-	82	82
	%	-	20,87%	20,87%
Ourense	Nº Convenios	1	1	2
	%	25,00%	33,33%	28,57%
	Nº Traballadores/as	1.000	21	1.021
	%	43,48%	4,81%	37,30%
Pontevedra	Nº Convenios	1	13	14
	%	25,00%	23,21%	23,33%
	Nº Traballadores/as	2.500	8.854	11.354
	%	6,81%	76,55%	23,51%
Galicia	Nº Convenios	2	28	30
	%	14,29%	27,18%	25,64%
	Nº Traballadores/as	3.500	9.910	13.410
	%	7,47%	61,86%	21,33%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

**Convenios colectivos revisados con cláusula de revisión salarial.
Por provincias. Galicia. 2012**

■ Cadro 9.24

		Sector	Empresa	Total
C. Autónoma/ Interprov. C.A.	Nº Convenios	0	-	0
	%	0,00%	-	0,00%
	Nº Traballadores/as	0	-	0
	%	0,00%	-	0,00%
A Coruña	Nº Convenios	1	0	1
	%	50,00%	0,00%	25,00%
	Nº Traballadores/as	5.000	0	5.000
	%	91,24%	0,00%	89,53%
Lugo	Nº Convenios	4	2	6
	%	57,14%	66,67%	60,00%
	Nº Traballadores/as	7.927	41	7.968
	%	66,46%	77,36%	66,51%
Ourense	Nº Convenios	3	1	4
	%	75,00%	50,00%	66,67%
	Nº Traballadores/as	2.500	44	2.544
	%	58,14%	20,95%	56,41%
Pontevedra	Nº Convenios	-	2	2
	%	-	28,57%	28,57%
	Nº Traballadores/as	-	102	102
	%	-	34,00%	34,00%
Galicia	Nº Convenios	8	5	13
	%	50,00%	35,71%	43,33%
	Nº Traballadores/as	15.427	187	15.614
	%	62,52%	27,99%	61,61%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

O número de persoas traballadoras ás que afectan estas cláusulas de revisión salarial supón o 21,33% nos convenios asinados e o 61,61% nos revisados.


Os Cadros 9.25a e 9.25b recollen a evolución dos convenios asinados e revisados con cláusula de revisión salarial no período 2005 – 2012.

■ Cadro 9.25a

Convenios asinados e revisados con cláusula de revisión salarial (%)
Período 2005 - 2012

Cláusulas revisión salarial (Porcentaxe convenios)	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Convenios asinados. Galicia	59,17	46,63	48,21	60,92	40,37	45,58	36,97	25,64
Convenios revisados. Galicia	68,52	73,44	56,36	66,04	76,71	57,69	53,33	43,33


Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31/12/2012



Traballadores/as con cláusula de revisión salarial (%)
Período 2004 - 2012

Cláusulas revisión salarial (Porcentaxe traballad.)	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Convenios asinados. Galicia	93,13	54,68	78,02	70,87	40,31	38,02	68,61	21,33
Convenios revisados. Galicia	69,46	97,05	57,33	89,01	92,25	56,66	78,68	61,61

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31/12/2012



■ Cadro 9.25b

Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusula de revisión salarial.
Por provincias. Galicia. 2005 - 2012

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	1	25,0	9	100,0	11	91,7	7	53,9	10	83,3	38	76,0
2006	0	0,0	7	70,0	5	100,0	4	30,8	8	66,7	24	57,1
2007	1	25,0	8	80,0	3	60,0	5	55,6	10	76,9	27	65,9
2008	4	80,0	7	87,5	9	100,0	7	58,3	7	77,8	34	79,1
2009	1	25,0	3	75,0	1	33,3	5	50,0	5	55,6	15	50,0
2010	1	25,0	3	50,0	2	66,7	3	37,5	6	66,7	15	50,0
2011	0	0,0	3	100,0	4	57,1	3	33,3	2	66,7	12	46,2
2012	0	0,0	0	0,0	-	-	1	25,0	1	25,0	2	14,3
Empresa												
2005	4	57,1	28	54,9	11	47,8	11	44,0	37	59,7	91	54,2
2006	8	50,0	17	37,0	8	57,1	2	13,3	31	51,7	66	43,7
2007	5	62,5	21	47,7	16	66,7	5	35,7	20	31,3	67	43,5
2008	3	42,9	18	62,1	17	73,9	5	35,7	29	50,0	72	55,0
2009	4	44,4	22	57,9	2	25,0	4	40,0	18	27,3	50	38,2
2010	4	57,1	14	46,7	12	75,0	4	40,0	18	33,3	52	44,4
2011	2	28,6	10	33,3	6	75,0	2	20,0	12	31,6	32	34,4
2012	2	40,0	8	27,6	4	40,0	1	33,3	13	23,2	28	27,2
Total 2012	2	22,2	8	25,8	4	40,0	2	28,6	14	23,3	30	25,6

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31/12/2012.

Evolución dos convenios colectivos revisados con cláusula de revisión salarial.
Por provincias. Galicia. 2005 - 2012

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	2	100,0	11	84,6	4	100,0	1	16,7	7	87,5	25	75,8
2006	0	0,0	7	100,0	9	90,0	3	42,9	8	80,0	27	77,1
2007	1	100,0	4	66,7	4	80,0	2	25,0	6	66,7	17	58,6
2008	2	66,7	7	77,8	2	66,7	1	20,0	8	66,7	20	62,5
2009	4	100,0	10	83,3	10	83,3	2	25,0	8	100,0	34	77,3
2010	5	71,4	5	83,3	5	71,4	3	42,9	2	50,0	20	64,5
2011	2	50,0	4	57,1	2	66,7	2	50,0	5	71,4	15	60,0
2012	0	0,0	1	50,0	4	57,1	3	75,0	-	-	8	50,0
Empresa												
2005	0	0,0	5	100,0	4	100,0	0	0,0	3	37,5	12	57,1
2006	1	50,0	7	100,0	5	100,0	3	50,0	4	44,4	20	69,0
2007	2	50,0	5	83,3	2	50,0	0	0,0	5	55,6	14	53,9
2008	2	66,7	5	100,0	3	60,0	2	100,0	3	50,0	15	71,4
2009	3	75,0	9	100,0	5	55,6	1	100,0	4	66,7	22	75,9
2010	2	50,0	4	80,0	3	60,0	0	0,0	1	14,3	10	47,6
2011	-	-	4	80,0	4	57,1	-	-	1	12,5	9	45,0
2012	-	-	0	0,0	2	66,7	1	50,0	2	28,6	5	35,7
Total 2012	0	0,0	1	25,0	6	60,0	4	66,7	2	28,6	13	43,3

O tipo de cláusula que se recolle na maioría dos convenios está vinculado ao IPC e fai referencia á compensación no caso de que exista diferenza entre o IPC real do ano e o previsto inicialmente, sinalando tamén ás veces os efectos para o caso en que o IPC real fose inferior ao previsto ou ao incremento pactado.

Óptase na maioría destes casos por non proceder ao desconto do exceso producido, indicando que se consolidará o incremento inicial ou que se compensará no incremento do ano seguinte, pero existen convenios que indican efectos tanto positivos como negativos.

No Cadro 9.26 aparece recollida unha relación dos convenios asinados e revisados este ano. Tamén se indica o incremento salarial dos convenios que o sinalan de xeito porcentual e se teñen cláusula de revisión salarial.

■ Cadro 9.26 Detalle dos incrementos salariais pactados nos convenios colectivos asinados e revisados. Por provincias. Galicia 2012

Convenios de sector asinados. A Coruña	% pactado inicialmente	Cláusula de revisión salarial	Incremento salarial final (%)
Empresas concesionarias de servizos municipais de aparcamento e/ou retirada de vehículos da vía pública da provincia da Coruña (ORA) - [Código anterior 1502955]	1,00	Non	1,00
TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS POR ESTRADA - [Código anterior 1501545]	0,00	Non	0,00
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO			
0,07			

Convenios de sector asinados. Lugo	% pactado inicialmente	Cláusula de revisión salarial	Incremento salarial final (%)
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO			
-			

Convenios de sector asinados. Ourense	% pactado inicialmente	Cláusula de revisión salarial	Incremento salarial final (%)
COMERCIO DA PEL - [Código anterior 3200135]	0,25	Non	0,25
LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS - [Código anterior 3200225]	0,00	Non	0,00
LIMPEZA DE INSTITUCIÓNS HOSPITALARIAS DA SEGURIDADE SOCIAL DE OURENSE - [Código anterior 3200395]	0,00	Si	0,00
SANIDADE PRIVADA - [Código anterior 3201055]	0,60	Non	0,60
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO			
0,05			

Convenios de sector asinados. Pontevedra	% pactado inicialmente	Cláusula de revisión salarial	Incremento salarial final (%)
COMERCIO DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E SANEAMENTO - [Código anterior 3600345]	0,50	Si	2,90
EMPRESAS DO METAL SEN CONVENIO PROPIO (siderometal) - [Código anterior 3601155]	0,00	Non	0,00
HOSPITALIZACIÓN E INTERNAMENTO (sanidade privada) - [Código anterior 3600755]	2,50	Non	2,50
TRANSPORTE PÚBLICO DE MERCADORÍAS POR ESTRADA - [Código anterior 3602135]	1,50	Non	1,50
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO			
0,55			

■ Cadro 9.26
(continuación)
Detalle dos incrementos salariais pactados nos convenios colectivos asinados e revisados.
Por provincias. Galicia 2012

Convenios de sector asinados. Comunidade Autónoma	% pactado inicialmente	Cláusula de revisión salarial	Incremento salarial final (%)
AXUDA A DOMICILIO - [Código anterior 8200675]	2,40	Non	2,40
EDITORIAIS - [Código anterior 8200425]	0,00	Non	0,00
POMPAS FÚNEBRES - [Código anterior 8200565]	3,50	Non	3,50
RESIDENCIAS PRIVADAS DA TERCEIRA IDADE - [Código anterior 8200475]	2,40	Non	2,40
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO			
2,43			

INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO DE CONVENIOS DE SECTOR ASINADOS
TOTAL GALICIA 0,74

Convenios de sector revisados. A Coruña	% pactado inicialmente	Cláusula de revisión salarial	Incremento salarial final (%)
INDUSTRIA SIDEROMETALÚRICA - Código anterior 1500825	2,00	Si	3,425
TINTURERÍAS, LAVANDERÍAS E REPASADO DE ROUPA - [Código anterior 1501505]	2,90	Non	2,90
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO			
3,38			

Convenios de sector revisados. Lugo	% pactado inicialmente	Cláusula de revisión salarial	Incremento salarial final (%)
COMERCIO DE ALIMENTACIÓN - [Código anterior 2700155]	2,50	Non	2,50
COMERCIO DO METAL - [Código anterior 2700185]	1,50	Si	3,40
HOSTALERÍA - [Código anterior 2700325]	2,00	Si	3,25
INDUSTRIA SIDEROMETALÚRICA - [Código anterior 2700475]	1,50	Si	3,40
PANADERÍAS - [Código anterior 2700425]	2,70	Non	2,70
TRANSPORTE DE MERCADORIAS POR ESTRADA - [Código anterior 2700505]	1,50	Si	3,15
TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA - [Código anterior 2700515]	3,15	Non	3,15
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO			
3,17			

■ Cadro 9.26
(continuación)

Detalle dos incrementos salariais pactados nos convenios colectivos asinados e revisados.
Por provincias. Galicia 2012

Convenios de sector revisados. Ourense	% pactado inicialmente	Cláusula de revisión salarial	Incremento salarial final (%)
COMERCIO DE ALIMENTACIÓN - [Código anterior 3200545]		Non	
COMERCIO DE MATERIAIS PARA A CONSTRUCCIÓN E SANEAMENTO - [Código anterior 3200965]	1,00	Si	1,90
PANADERÍAS - [Código anterior 3200265]	2,90	Si	3,30
REMATANTES, SERRADOIROS E PREPARADOS INDUSTRIAIS DA MADEIRA - [Código anterior 3200275]		Si	
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO			
2,50			

Convenios de sector revisados. Pontevedra	% pactado inicialmente	Cláusula de revisión salarial	Incremento salarial final (%)
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO			
-			

Convenios de sector revisados. Comunidade Autónoma	% pactado inicialmente	Cláusula de revisión salarial	Incremento salarial final (%)
ACTORES E ACTRICES DE TEATRO DE GALICIA - [Código anterior 8201015]	2,40	Non	2,40
I CONVENIO AUTONÓMICO PARA A ACTIVIDADE ARQUEOLÓXICA - [Código anterior 8201025]	2,40	Non	2,40
LOUSAS DE OURENSE E LUGO - [Código anterior 8200215]	2,40	Non	2,40
INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO			
2,40			

INCREMENTO SALARIAL MEDIO PONDERADO DE CONVENIOS DE SECTOR REVISADOS			
TOTAL GALICIA 3,08			

■ Cadro 9.26
(continuación)

Detalle dos incrementos salariais pactados nos convenios colectivos asinados e revisados.
Por provincias. Galicia 2012

Convenios de empresa asinados. A Coruña	% pactado inicialmente	Cláusula de revisión salarial	Incremento salarial final (%)
ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A. - Persoal que presta servizos para NAVANTIA - Ferrol (antes IZAR) - [Código anterior 1504611]	0,50	Si	2,90
ACTEMSA, S.A. - [Código anterior 1504352]	2,40	Non	2,40
Asociación ferrolana de drogodependencia - ASFEDRO	0,00	Si	0,00
BAJAMAR SÉPTIMA, S.A. - [Código anterior 1503182]		Non	
CESPA, S.A. - Servizos de recollida de lixos, explotación das plantas de tratamento e eliminación de residuos e limpeza viaria do Concello da Coruña - [Código anterior 1503541]	0,50	Non	0,50
COMPANÍA DE TRANVIAS DE LA CORUÑA, S.A. - [Código anterior 1500352]	1,75	Si	3,65
CONCELLO DE ABEGONDO - Persoal laboral	0,00	Non	0,00
CONGALSA, S.L. - [Código anterior 1503322]	3,90	Non	3,90
EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A. - EMAFESA - [Código anterior 1504052]	0,00	Non	0,00
Empresas que prestan servizos no Complexo Medioambiental de Cerceda, como subcontratistas da Sociedade Galega de Medioambiente (Sogama) - [Código anterior 1503941]	2,40	Non	2,40
EXL. QUINTAGLASS, S.L.	0,00	Non	0,00
Grupo de empresas J.J. CHICOLINO (J.J Chicolino S.L, Envases de Galicia S.A, Rotogal S.L) - [Código anterior 1504643]	0,00	Non	0,00
Grupo TOP WASH - [TOP WASH, S.L; TINPLAN, S.L; TEXINGAL, S.L. e TEMPRASA, S.L.]		Non	
LIMPIEZAS XALO, S.L. - Limpeza viaria do concello de Culleredo - [Código anterior 1504131]	2,40	Non	2,40
MANTENIMIENTOS INTEGRALES DE FERROL, S.L. - MAINFER (Centro de traballo de NAVANTIA - Ferrol - antes Izar) - [Código anterior 1503581]	1,00	Si	2,90
QUINTASTONE, S.A.	0,00	Non	0,00
REMOLCADORES FERROLANOS, S.A. (REFESA) - Persoal de flota - [Código anterior 1503230]	2,40	Non	2,40
SARVAL BIO-INDUSTRIES NOROESTE, S.A.U. (antes ARTABRA, S.A.) - [Código anterior 1503092]	0,00	Si	2,90
